


10 **pasos**

**para unha clase cerebralmente
amigable**





paso 1


CURIOSIDADE, EMOCIÓN, ATENCIÓN



CAPTACIÓN DA **ATENCIÓN**

Proxección de fragmento de película ambientada nunha época medieval

- Previamente dobrada con [Wondershare Filmora](#)
- Uso de expresións e linguaxe contemporánea
- E trataremos de meterlle humor ao asunto
- Que provoca ese humor? Focalización na anacronía lingua-contexto.



paso 2


CREAR CLIMA DE AULA POSITIVA.
CONTAXIAR EMOCIÓN



MUDEMOS OS ROLES

Proposta para que o alumnado xere un produto parello ao proxectado.

- Achega doutro fragmento de vídeo semellante.
- Tutorial de [Wondershare Filmora](#)
- Produto: creación de diálogo por parte do alumnado de como cren que se falaría nesa época.
- Análise das producións en asemblea.



paso 3


PREGUNTAR. DAR TIEMPO E SILENCIO PARA
REFLEXIONAR E RESPONDER



LOCALIZACIÓN DE **TRAZOS RELEVANTES**

Entrega de táboa-resumo dos principais cambios para que localicen fenómenos detectados no vídeo diverxentes do rexistro actual.

- Que nos soa raro?
- Que nos soa vello?
- Que non nos soa para nada?




paso 4

COLABORAR. TRABAJO EN EQUIPO



TRABALLAMOS CON **INPUT REAL**

- Configuramos grupos de traballo seguindo as pautas da [aprendizaxe colaborativa](#).
- Proporcionamos 2 textos (diferentes para cada grupo): unha cantiga medieval e un fragmento do Mío Cid.
- Preparación de exposición dos trazos significativos da variante sincrónica analizada.



paso 5


REFORMULAR, RESUMIR CON PROPIAS
PALABRAS, DECODIFICAR.



PORTFOLIO COAS IDEAS APREIXADAS

Produción por parte do alumnado (modo individual) dunha teoría que trate de explicar o porqué da mundanza das linguas ao longo do tempo.

Debate posterior en gran grupo.



paso 7

ENSINAR DE NOVO



EXPOSICIÓN PROFESORADO

BREVE E CLARA explicación por parte do profesorado dos motivos que moven os cambios lingüísticos.

PARALELISMO: que acontecería se mañá fosemos invadidos polos suecos e tivesemos que falar o seu idioma?




paso 6

AVALIACIÓN FORMATIVA. RETROALIMENTAR
EN POSITIVO E EN NEGATIVO (CON CARIÑO)



PROBA **OBXECTIVA**

- SELECCIÓN 2 FRAGMENTOS TEXTOS galego e castelán medievais
- Proposta: actualización dos textos ás variantes sincrónicas actuais
- Xustificación dos cambios máis relevantes desde a perspectiva da análise diacrónica.



paso 8


PRACTICAR CON DISTINTOS EJERCICIOS
ADAPTADOS ÁS MÚLTIPLES MEMORIAS



CLASIFICACIÓN EXEMPLOS POR FENÓMENO

Entrega de cadro sinóptico cos principais cambios sufridos na evolución do galego e castelán.

- Creación de documento en google presentacións cun fenómeno por diapositiva ao que eles lle achegaran exemplos tirados dos textos cos que levan traballando ata o momento.



paso 9

PLANIFICAR REPASOS (MÁIS FRECUENTES AO PRINCIPIO QUE AO FINAL)



POR CONTA DO ALUMNADO

Aconsellaremos un posible cronograma que se adapte ao normal desenvolvemento do resto da materia. Deste xeito, irán implementando revisións dos diferentes contidos tratados durante o curso.



paso 10

DURMIR PARA LEMBRAR. RECAPTACIÓN DA
ATENCIÓN MEDIANTE O INESPERADO



ALCUMES RECHAMANTES

Ao longo das sesións periódicamente dirixirémonos ao alumnado con adxectivos cualificativos caídos en desuso (en positivo ou ben en negativo pero desde unha óptica lúdica) que provoquen neles un ruído no discurso que os faga interromper o fío da decodificación.